

Á CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL

A súa referencia: A/27/06796-3

D. _____, con DNI _____, actuando en representación da _____, CIF _____, na súa condición de representante, con domicilio a efectos de notificacións en _____, polo presente comparece ante esa administración e, como mellor proceda en Dereito,

DI

1. Que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 190 de data 19 de agosto de 2023, publicouse o anuncio polo que se somete a información pública a solicitude de concesión administrativa de terreos de dominio público hidráulico polo prazo máximo legal previsto, en relación co "Proxecto para a renovación da concesión A/27/06796 e legalización das instalacións existentes no Club Fluvial de Lugo, no barrio de San Lázaro, termo municipal de Lugo (Lugo).
2. Que, en tempo e forma, polo presente e en relación co aludido anuncio, procédense a evacuar as seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRO. SOBRE O INCUMPRIMENTO DO PLAN HIDROLÓXICO 2022-27

O treito fluvial onde se solicita a concesión está declarado Zona de Especial Conservación (ES 1120003), Zona de Especial Protección de Valores Naturais Ladra-Parga-Támoga (110057), fai parte da Rede Natura 2000 e conforma a zona núcleo da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Nesta área hai presenza de diversas especies protexidas a nivel europeo, estatal e autonómico entre as que destacan *Lutra lutra*, *Nymphoides peltata*, *Natrix natrix*, *Gasterosteus aculeatus*, *Unio pictorum*, *Potomida littoralis*, *Isoetes fluitans** e *Margaritifera margaritifera** (estes dous últimos, o fento de río e o mexillón de río, considerados en perigo de extinción); por non falar das máis de 60 especies de aves citadas na contorna.

O Plan Hidrolóxico 2022-27 (en adiante PHM-S) aprobado polo RD 35/2023 do 24 de xaneiro, recolle a masa de auga onde se localizan as instalacións do Clube Fluvial como Río Miño V - ES378MAR000221 determinando varias zonas de protección, nomeadamente dúas zonas de produción de especies acuáticas (piscícolas), unha zona de produción de especies acuáticas (salmonícolas), unha zona de baño, unha zona de Rede Natura 2000 (ZEC) (xa descrita), un espacio natural protexido, dúas zonas de protección de especies ameazadas, unha reserva da biosfera, unha zona húmida e seis caneiros ou pesqueiras.

Pese a que segundo o PHM-S esta masa de auga presenta *Risco Alto* de non cumprir o "bo estado", carece dun punto de control na zona, e polo tanto, o estado da masa de auga foi definida mediante "criterio experto", tal e como se indica no PHM-S. Son varias as masas de auga do Miño que se avalían deste xeito, sen os datos necesarios que hai que recoller in situ para os cálculos dos indicadores definidos *Real Decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental* para as calidades biolóxica, fisicoquímica e hidromorfolóxica, o que quere dicir que non se está avaliando a posíbel degradación das augas. Por outro lado non hai indicios no PHM-S que se esteñan a avaliar o cumprimento dos caudais ecolóxicos nesa zona, e tamén se descoñece, ao non existir datos dos indicadores de peixes, qué especies ictiolóxicas hai e se as autóctonas poden transitar libremente pola zona.

Segundo se recolle na lexislación de augas, os caudais ecolóxicos deben considerarse como unha restrición que se impón con carácter xeral aos sistemas de explotación. É imprescindible polo tanto determinar cal é o réxime de caudais necesario para o ecosistema fluvial, e cumprilo, antes de repartir a auga entre os diferentes usos, neste caso o uso recreativo (o baño).

Segundo o artigo 12 relativo á orde de preferencia entre diferentes usos e aproveitamentos, prioridade e compatibilidade de usos do Plan Hidrolóxico da bacía Miño-Sil, o uso recreativo (zona de baño) está nos últimos postos en canto á prioridade.

Tendo en conta as esixencias para a protección e conservación do recurso e da súa contorna conforme ao artigo 60.1 do TRLA, e respectando a supremacía do uso destinado ao abastecemento de poboación, a orde de preferencia, entre os diferentes usos da auga, contemplado no artigo 60.3 do TRLA e 98 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH), aprobado polo Real Decreto 849/1986, e a clasificación establecida no artigo 49 bis do RDPH, usos cuxa descrición vén recollida no anexo 4 da Memoria deste Plan Hidrolóxico, para os diferentes sistemas de explotación de recursos e para os efectos do outorgamento das concesións, é o seguinte:

1.º Uso destinado ao abastecemento:

- a) Uso destinado ao abastecemento de núcleos urbanos.*
- b) Uso destinado a outros abastecementos fóra dos núcleos urbanos.*

2.º Outros usos ambientais.

3.º Usos agropecuarios.

4.º Usos industriais para produción de enerxía eléctrica.

5.º Outros usos industriais:

- a) Industrias produtoras de bens de consumo.*
- b) Industrias do lecer e o turismo.*
- c) Industrias extractivas.*

6.º Acuicultura.

7.º Usos recreativos.

8.º Navegación e transporte acuático, incluíndo navegación de transportes de mercadorías e persoas

9.º Outros usos non ambientais.

Isto contravén á situación vivida no pasado mes de agosto coa aparición de troitas mortas á altura da fábrica da luz, que segundo as declaracións recollidas na prensa polo presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil debeuse á falta de caudal e á temperatura das augas. Nesta situación, a zona de baño próxima ás instalacións do Clube Fluvial (CF) mantíña o nivel da zona de baño (Ver anexo, fotos 1-4), polo que se está a incumprir o establecido no PHM-S, ao darlle prioridade a un uso recreativo sen garantir o caudal ecolóxico do río, provocando a morte de especies nunha zona protexida. Ademais ao estar dentro da Rede Natura debe respectarse o réxime de caudais mínimos propostos durante todo o ano, e ao estar en Rede Natura tampouco se pode admitir un réxime de caudais ecolóxicos menos esixentes en caso de seca prolongada. Segundo se indica no Regulamento de Dominio Público Hidráulico: *o réxime de caudais ecolóxicos será esixible, sempre e en todo caso, cando exista unha lexislación prevalecente como a aplicable en Rede Natura, na que se establece a prevalencia do caudal ecolóxico fronte ao uso.*

O proxecto carece de medidas coas que preservar o bo estado do dominio público hidráulico, e tampouco xustifica a consecución dos obxectivos de manter o bo estado da masa de auga, nin a conservación dun estado favorábel dos hábitats prioritarios e de interese comunitario.

Segundo se afirma rotundamente no proxecto, na zona non existe ningunha especie ameazada, e ningunha das actividades desenvoltas polo Clube Fluvial son susceptíbeis de ocasionar danos, as medidas correctoras incluídas no proxecto non son suficientes, pñorque non se teñen en conta todas as actividades desenvoltas que poden producir danos no DPH, citando os exemplos máis claros, os torneos de piragüismo, ou a impermeabilización do caneiro.

SEGUNDO. SOBRE O INCUMPRIMENTO DO REGULAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO E A LEI DE AUGAS

É responsabilidade da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), unha vez feita a avaliación do proxecto, esixir á entidade promotora o cumprimento da lexislación vixente en materia de augas e do regulamento de dominio público hidráulico. Isto implica que debe obrigar ao Club Fluvial a eliminar ou retirar **de forma inmediata e previa á resolución do expediente**, calquera elemento ou infraestrutura que impida ou disuada o acceso público á zona de servidume neste treito do río Miño, as propostas recollidas no proxecto non son suficientes.

No proxecto o CF mantén o peche perimetral das instalacións, acota e impermeabiliza a zona de servidume, segue sen permitir a libre circulación da biota nunha zona con varias figuras de protección, segue a incumprir a obriga de permitir o paso na zona de servidume, e continua restrinxindo este espazo para uso exclusivo dos clientes ou socios/as da entidade (ver o Anexo, fotos 5-7). Aínda existen elementos como as vallas que están á beira do río limitando a zona axardinada, a nova cancela instalada de acceso ao aparcadoiro, ou a valla perimetral da zona da pasarela peonil que seguen restrinxindo o paso pola zona de servidume e que a entidade pretende manter.

O Clube Fluvial leva máis dun ano sen concesión, e lonxe de cumprir coa resolución de extinción emitida pola CHMS que lle obriga a demoler e retirar as obras e instalacións situadas no dominio público hidráulico do río Miño, así como a deixar expedita a zona de servidume para uso público para a fauna, instalou un novo peche no aparcadoiro que obstaculiza a zona de servidume e non incluíu no proxecto (Ver o anexo, fotos 5 e 6), ademais de pintar a piscina infantil que ten obriga de derrubar.

Despois de anos e anos desprezando as leis que nos rixen a todas, non hai garantías de que, unha vez obtida a concesión, fagan as obras que se lles esixe por lei. É por iso que é responsabilidade da CHMS facer cumprir as obrigas legais do Clube Fluvial previa á obtención da nova concesión e legalización das instalacións existentes, coa posibilidade de que a CHMS execute as obras de reposición da legalidade de forma subsidiaria, pois o Clube Fluvial non ten intención algunha de cumprir a lei, tal e como vén demostrando nos últimos anos, incumprindo os requerimentos da anterior concesión, e se desprende do proxecto presentado.

TERCEIRO. SOBRE A MODIFICACIÓN DA ZONA DE SERVIDUME

No proxecto solicítase a modificación dun treito da zona de servidume, cuestión imposible de asumir pola lexislación vixente, **contradecendo as conclusións do estudo hidrolóxico incluído no propio proxecto**.

No proxecto non queda claro se o treito de servidume de paso que pretenden modificar pasa pola parte inferior das pistas de tenis por debaixo do muro construído, ou ao mesmo nivel das pistas de tenis. No caso que pretendan pasalo pola parte inferior, estarían pasándoo por unha zona dentro do DPH con láminas de inundación e zonas de protección do DPH.

A zonificación do DPH ten unha función de protección do mesmo, e a zona de servidume está claramente definida e acotada na lexislación, tal e como se contempla nos seguintes artigos do Regulamento de Dominio Público Hidráulico:

Artigo 83.

2. A protección do dominio público hidráulico ten como obxectivos fundamentais os enumerados no artigo 92 do texto refundido da Lei de Augas. Sen prexuízo das técnicas específicas dedicadas ao cumprimento dos devanditos obxectivos, as marxes dos terreos que lindan cos devanditos leitos están suxeitas en toda a súa extensión lonxitudinal:

a) A unha zona de servidume de cinco metros de anchura para uso público, que se regula neste regulamento.

b) A unha zona de policía de cen metros de anchura, na que se condicionará o uso do chan e as actividades que nel desenvólvanse.

3. A regulación das devanditas zonas ten como finalidade a **consecución dos obxectivos de preservar o estado do dominio público hidráulico, previr a deterioración dos ecosistemas acuáticos, contribuíndo á súa mellora, e protexer o réxime das correntes en avenidas, favorecendo a función dos terreos lindeiros cos leitos na laminación de caudais e carga sólida transportada.**

4. Nas zonas próximas á desembocadura no mar, na contorna inmediata dos encoros ou cando as condicións topográficas ou hidrográficas dos leitos e marxes fágano necesario para a seguridade de persoas e bens, poderá modificarse a anchura das devanditas zonas na forma que se determina neste Regulamento.

Artigo 7.

1. A zona de servidume para uso público definida no artigo anterior terá os fins seguintes:

a) Protección do ecosistema fluvial e do dominio público hidráulico.



b) Paso público peonil e para o desenvolvemento dos servizos de vixilancia, conservación e salvamento, salvo que por razóns ambientais ou de seguridade o organismo de conca considere conveniente a súa limitación.

c) Varado e amarre de embarcacións de forma ocasional e en caso de necesidade.

Se ben no artigo 8 deste Regulamento de DPH se expón que "Por razóns topográficas, hidrográficas, ou se o esixisen as características da concesión dun aproveitamento hidráulico, poderá modificarse a zona de servidume. A modificación farase por causas xustificadas de esixencia do uso público, previa a tramitación dun expediente no que se oirá ao propietario do terreo e, no seu caso, ao titular da concesión, determinándose a correspondente indemnización "de acordo con a lexislación de expropiación forzosa, se procedese". Sempre se fai no outro sentido, ampliando a zona de servidume para a protección do medio ambiente ou diminución da perigosidade de inundacións (existe xurisprudencia neste senso), por iso se fala de "expropiación forzosa" e neste caso non está en absoluto xustificada no senso no que o solicita o CF, cando esa modificación implica invadir o DPH nunha zona con problemática de inundacións, e para consolidar a privatización do espazo público.

A modificación da zona de servidume traería como consecuencia a perda de funcionalidade, nomeadamente a protección do ecosistema fluvial nunha zona de alto valor ambiental, e outras finalidades como o amarre de embarcacións.

Ademáis, na zonificación que propoñen no Plano 5.2 Folla 3 de 4, **a servidume de paso invade o DPH en zona de fluxo preferente** tal e como se recolle na seguinte imaxe do *Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables*.



A zona de fluxo preferente está constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as avenidas, ou vía de intenso desaugadoiro, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, podan producirse graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as zonas. Nestas zonas só poderán ser autorizadas aquelas actividades non vulneables fronte ás avenidas e que non supoñan unha **redución significativa da capacidade de desaugadoiro das devanditas zonas.**

As disposicións a cumprir con carácter xeral en zona de servidume, zona de fluxo preferente e zona inundable están recollidas na propia páxina web da CHMS sobre concesións:


<https://www.chminosil.es/es/chms/informacion-de-interes/informacion-al-ciudadano/impresos/autorizaciones-concesiones-y-otros-usos>.

En cumprimento do disposto nos artigos 6 e 7 do RDPH, con carácter xeral non se poderán realizar ningún tipo de construción na zona de servidume salvo que resulte conveniente ou

necesaria para o uso do dominio público hidráulico ou para a súa conservación e restauración. Esta zona manterase expedita e garantirase a súa efectividade de cinco metros de anchura, medida desde o bordo do leito ocupado polas augas nas máximas avenidas ordinarias.

Co obxecto específico de protexer o réxime de correntes en avenidas, e reducir o risco de produción de danos en persoas e bens, nas zonas de fluxo preferente en zona de policía só poderán ser autorizadas polo Organismo de conca aquelas actividades non vulnerables fronte ás avenidas e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugadoiro da devandita vía, nos termos previstos nos artigos 9 bis, 9 ter e 9 quáter do RDPH.

Co obxecto de garantir a seguridade das persoas e bens, as actuacións en zona inundable están suxeitas ás limitacións establecidas nos artigos 9 bis, 9 ter e 14 bis do RDPH.



SUELO RÚSTICO SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA SOLO RÚSTICO ESPECIALMENTE PROTEGIDO PROTECCIÓN AGROPECUARIA PROTECCIÓN AGROPECUARIA / FORESTAL PROTECCIÓN FORESTAL PROTECCIÓN PAISAJÍSTICA PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS	SOLO RÚSTICO ESPECIALMENTE PROTEGIDO PROTECCIÓN DAS AUGAS PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS Y DAS AUGAS PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS RED VIARIA RED ELÉCTRICA GASODUCTO DE INTERÉS PATRIMONIAL	SOLO URBANIZABLE LÍMITE DO SOLO URBANIZABLE DELIMITADO RESIDENCIAL DELIMITADO RESIDENCIAL ESPECIAL DELIMITADO INDUSTRIAL / ACTIVIDAD ECONÓMICA DELIMITADO EQUIPAMIENTO NON DELIMITADO RESIDENCIAL NON DELIMITADO INDUSTRIAL CON PLANEAMIENTO INCORPORADO RESIDENCIAL CON PLANEAMIENTO INCORPORADO INDUSTRIAL	SOLO URBANO LÍMITE DO SOLO URBANO RESIDENCIAL INDUSTRIAL SOLO DE NÚCLEO RURAL LÍMITE DO NÚCLEO RURAL NÚCLEO RURAL ÁREA EXPANSIÓN PREORDENADA ÁREA EXPANSIÓN EQUIPAMENTOS Y ZONAS VERDES VINCULANTES EQUIPAMIENTO ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES	EQUIPAMENTOS Y ZONAS VERDES ZONAS VERDES EQUIPAMENTOS EQUIPAMIENTO DEPORTIVO PRIVADO VIARIO
---	--	--	--	---

As instalacións do Clube Fluvial localízanse en solo urbano, e para este tipo de solos, o Artigo 9 ter. do RDPH Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado, con referencia ao proxecto, son permitidos certos usos/construcións sempre baixo uns determinados criterios:

- *estes non representen un aumento da vulnerabilidade da seguridade das persoas ou bens fronte ás avenidas, ao deseñarse tendo en conta o risco ao que están sometidos;*
- *que non se incremente de maneira significativa a inundabilidade da contorna inmediata nin augas abaixo, nin se condicionen as posibles actuacións de defensa contra inundacións da zona urbana;*

- *que non se trate de novos centros escolares ou sanitarios, (...) **centros deportivos ou grandes superficies comerciais onde poidan darse grandes aglomeracións de poboación.***

Para os supostos excepcionais anteriores, e para as edificacións xa existentes, as **administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección**; polo tanto, autorizar a modificación da servidume de paso ou legalizar as obras e construcións nos termos que solicita o Clube Fluvial, incide directamente no aumento da vulnerabilidade e a perigosidade, diminuíndo a protección fronte as inundacións, polo que a CHMS estaría actuando en contra das súas propias normas.

A modificación da servidume de paso proposta no proxecto do CF está lonxe de diminuír a vulnerabilidade das persoas, en todo caso está a aumentar a mesma, pois invade o propio río, e polo tanto, haberá crecidas con hidroloxía "ordinaria", e non será necesario agardar á hidroloxía "extraordinaria" para aumentar o risco e o perigo que as inundacións provocan (o DPH está definido polo caudal de la máxima crecida ordinaria: media dos máximos caudais anuais en réxime natural, calculada a partir de a lo menos dez anos consecutivos).

No estudo de inundabilidade presentado no proxecto do CF non se ten en conta o cambio climático con eventos extremos cada vez máis frecuentes e de maior intensidade. Nestas semanas durante a tempada oficial de baño (dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro), pódese constatar o aumento de episodios de choivas intensas durante un curto espazo de tempo, o que aumenta exponencialmente a perigosidade de inundación.

No proxecto non se considerou que o que antes era un caneiro agora é unha presa ou azud, aumentando a perigosidade das inundacións ao aumentar a altura da lámina de auga. Parte da funcionalidade da construción tradicional era a de adaptarse ás habituais enchentes grazas á permeabilidade da mesma.

Nas conclusións do estudo hidrolóxico recalcan "*Polo tanto, e aos efectos do planteamento das actuacións que se detallan no presente proxecto, co motivo da solicitude de renovación da concesión e legalización das instalacións do Clube Fluvial de Lugo, conclúese que **non se poden aportar obxeccións á cartografía do DPH actualmente en vigor, debendo amoldarse o contido da totalidade deste proxecto aos condicionantes que se deriven da mesma***", polo tanto segundo se desprende do proxecto **a zona de servidume debe manterse tal e como se recolle na cartografía oficial, habendo contradicións no propio proxecto.**

Polo tanto, a modificación proposta da servidume de paso non é posible en tanto que se está a aumentar a vulnerabilidade e a perigosidade, diminuíndo a protección fronte as inundacións. É necesario que o estudo de inundabilidade contemple o escenario de cambio climático, e valore a incidencia da impermeabilización do caneiro.

CUARTO. SOBRE OS EFECTOS NO MEDIO E A FALTA DE MEDIDAS CORRECTORAS

Segundo o artigo 98 do Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas de Limitacións ambientais ás autorizacións e concesións:

"Os organismos de bacía, nas concesións e autorizacións que outorguen, adoptarán as medidas necesarias para facer compatible o aproveitamento co respecto do medio ambiente e garantir os caudais ecolóxicos ou demandas ambientais previstas na planificación hidrolóxica.

Na tramitación de concesións e autorizacións que afecten o dominio público hidráulico que puidesen implicar riscos para o medio ambiente, será preceptiva a presentación dun informe sobre os posibles efectos nocivos para o medio, do que se dará traslado ao órgano ambiental competente para que se pronuncie sobre as medidas correctoras que, ao seu xuízo, deban introducirse como consecuencia do informe presentado. Sen prexuízo dos supostos en que resulte obrigatorio, conforme ao previsto na normativa vixente, nos casos en que o Organismo

de bacía presuma a existencia dun risco grave para o medio ambiente, someterá igualmente á consideración do órgano ambiental competente a conveniencia de iniciar o procedemento de avaliación de impacto ambiental”.

O estudo presentado no Anexo III Efectos Nocivos sobre o medio, en absoluto é un estudo centrado nas esixencias do Regulamento Dominio Público Hidráulico, non inclúen ningunha medida correctora, e realizan unha serie de afirmacións carentes de rigor, sen ser constadadas con datos, nin reportaxe fotográfica. Existen graves eivas neste anexo, detallando as cuestións máis significativas, ademais das xa expostas que non se tiveron en consideración.

Este proxecto pretende ademais da renovación da concesión, a legalización das instalacións existentes. Na avaliación realizada non se fai mención á impermeabilización do caneiro que conecta coa fábrica da luz, creando polo tanto unha presa ou un azud en plena Rede Natura. Descoñecemos se obtivo algún tipo de permiso por parte da CHMS ou da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para a execución desas obras, pero dende logo, é responsabilidade do organismo de bacía coñecer os efectos que este azud ten sobre o río.

No punto 2.3 Efectos sobre a auga e o medio hidrolóxico non se ten en conta a modificación da zona de servidume proposta no propio proxecto, e como vai afectar ao río. Segundo se indica no proxecto todas as canalizacións están conectadas á rede municipal de saneamento, máis segundo nos consta existe un expediente de autorización para verquido de augas residuais con código V-27/0384.

No punto 2.4 Efectos sobre Espazos Naturais Protexidos, afirman que non existen na marxe do río que bordea a parcela onde se sitúan as instalacións do CF especies ameazadas, afirmación que ao noso entender carece de rigor, pois non se acompaña a este estudo a explicación das mostraxes tomadas, nin as saídas de campo realizadas que permitan facer esa afirmación.

No punto 2.5 que determina os efectos sobre o patrimonio cultural, obvia a recente instalación da cancela metálica á entrada do aparcadoiro realizado ilegalmente en pleno Camiño de Santiago. Tanto esta cancela como o aparcadoiro son obviados no proxecto presentado pola entidade.

No punto 2.6 Outros posibles efectos, indican que se prohibirá o uso de equipos de son que podan incrementar de forma notable os niveis de ruído mais, lonxe de cumprir co establecido no proxecto, o pasado día 9 de setembro tivo lugar un concerto do grupo “La penúltima Sabinera”. Parece que a entidade non ten ningunha intención de cumprir nin tan sequera o contido no proxecto.

Segundo se recolle nas conclusións do Anexo III, as actividades que poden ocasionar algún efecto sobre o medio son as que se desenvolven nas instalacións ubicadas ao aire libre, quedando reducidas ao período de xullo, agosto e parte de setembro, polo que os posibles efectos se producirán durante este corto período de tempo. Segundo o *Sistema de Información Nacional de Augas de Baño (Náyade)* esta zona de baño está rexistrada como zona oficial, e a tempada de baño vai dende o 1 de xuño ao 30 de setembro, polo que xa son 4 meses completos e non 3. É preciso incidir que estas zonas de baño son públicas e se toman mostraxes cada 2 semanas pagadas polas diferentes entidades públicas, ás veces polos organismos da bacía. Ademais no proxecto non se describen nin contemplan actividades como tenis, piragüismo, ou os diferentes torneos organizados durante todo o ano.

Incidimos neste punto, porque a afirmación é moi contundente: segundo o proxecto non existe problemática ambiental, polo tanto non se tratan as medidas correctoras específicas para a protección e conservación de cada un dos hábitats e especies afectadas, non se contemplan limitacións de persoas nin de actividades ás que deberían estar sometidos os usuarios/as da zona de baño. Non contemplan os problemas de contaminación derivados da masificación de persoas nunha zona protexida durante o verán como a contaminación da calidade das augas (por uso de crema solar protectora que acaba no río); ou os problemas de contaminación que poden acontecer ó longo de todo o ano, como os derrames de aceites e/ou combustibles das embarcacións a motor que acompañan aos palistas cando entrenan. Tampouco se fai unha avaliación do risco que teñen os torneos organizados para a introdución e expansión de especies exóticas invasoras derivado do uso de piraguas ou inflables que veñen doutras bacías.

Nos seguintes apartados tratarase en profundidade de determinadas medidas correctoras MINIMAS que debería conter o proxecto de cara a obter a nova concesión:

- PERMEABILIZACIÓN DO CANEIRO E ESCALA DE PEIXES

No proxecto non se propón unha escala para peixes, ademais a entidade impermeabilizou o caneiro pese a ser unha zona de Rede Natura cunha masa de auga que presenta diferentes proteccións, descoñecemos se o organismo de bacía concedeu autorización para realizar estas obras.

É preciso esixir a restauración do caneiro, e a permeabilización da infraestrutura transversal ao cauce. ¿Que acontece cos peixes que entran na zona de baño?

Este tipo de infraestruturas totalmente impermeabilizadas producen a alteración de diferentes indicadores que se utilizan para a avaliación do estado ecolóxico das masas de augas recolidos no *Real Decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental*, actualizados pola *Instrución do 14 de Outubro de 2020 do Secretario de Estado de Medio Ambiente (SEMA) pola que se establecen os Requisitos Mínimos para a Avaliación do Estado das Masas de Auga no Terceiro Ciclo da Planificación Hidrolóxica*, e publicados na páxina web oficial, tales como os índices de macroinvertebrados, o protocolo de caracterización hidromorfolóxica de masas de auga da categoría ríos e métricas hidromorfolóxica (entre elas continuidade hidromorfolóxica) e índice de fauna ictiolóxica en ríos (EFI+).

Segundo a lexislación galega, o Artigo 76º de Pasos e escalas do *DECRETO 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais*, co obxecto de facilitar as migracións periódicas dos peixes ó longo dos cursos fluviais, **todas as presas, diques ou canles deberán ter a pertinente escala, paso, esclusa, ascensor ou calquera outro dispositivo que permita o seu eficaz franqueo polas poboacións migradoras, tanto en ascenso como en descenso.**

E segundo o Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas, o Artigo 126 bis. Condicións para garantir a continuidade fluvial:

1. O organismo de bacía promoverá o respecto á continuidade lonxitudinal e lateral dos leitos compatibilizándoo cos usos actuais da auga e as infraestruturas hidráulicas recollidas na planificación hidrolóxica.

2. Nos condicionados das novas concesións e autorizacións ou da modificación ou revisión das existentes, que inclúan obras transversais no leito o organismo de conca esixirá a instalación e adecuada conservación de dispositivos que garantan o seu franqueabilidade pola ictiofauna autóctona. Igual esixencia terá lugar para as obras deste tipo existentes, vinculadas a concesións e autorizacións que inclúan esta obrigaón no seu condicionado ou que deban incorporar tales dispositivos en aplicación da legalidade vixente.

Polo tanto é necesario, na actualidade, esixir a permeabilidade do "caneiro" para que as especies de ictiofauna circulen con liberdade.

- CUMPRIMENTO COS CAUDAIS ECOLÓXICOS LÍQUIDOS E SÓLIDOS

Debido a esta impermeabilización, e como a todo concesionario do DPH, o CF ten que cumprir cos caudais ecolóxicos propostos para esa masa de auga. Como é un tramo que está case en peche de masa, o réxime de caudais mínimos deben de ser moi similares ós propostos a final de masa de auga:

CAUDALES MÍNIMOS ECOLÓXICOS			
Caudales mínimos ecológicos (m³/s) (método hidrológico)			
Octubre-Diciembre	Enero-Marzo	Abril-Junio	Julio-Septiembre
9,61	12,46	9,78	5,87

Preguntámonos: ¿Quen regula as comportas da presa? ¿Baixo qué criterio? ¿Está a controlar o organismo de bacía que se estean a soltar os caudais esixidos no novo PHM-S? Tal e como se comentou, este verán houbo episodios de mortandade de peixes na outra beira, onde non hai auga porque practicamente TODA está retida para os usos da zona de baño (ver o anexo, fotos 1-4).

Segundo o artigo 98 de Limitacións ambientais ás autorizacións e concesións do Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas: *os Organismos de bacía, nas concesións e autorizacións que outorguen, adoptarán as medidas necesarias para facer compatible o aproveitamento co respecto do medio ambiente e garantir os caudais ecolóxicos ou demandas ambientais previstas na planificación hidrolóxica.*

Tamén, falta tratar e esixir que cumpran a lexislación sobre os caudais sólidos retidos polo "caneiro": Na memoria técnica elúdese o tema dos sólidos. O Artigo 76. 8. Do Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas: *Os titulares de dereitos de uso privativo da auga, cuxas instalacións de captación inclúan calquera tipo de obstáculo que impida ou dificulte o transporte sólido deberán levar a cabo, a requirimento do organismo de conca e previa autorización, as operacións de mantemento necesarias para trasladar os áridos e sedimentos acumulados augas arriba do obstáculo ao tramo situado inmediatamente augas abaixo do mesmo.*

- DETERMINACIÓN DE TODAS AS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA ENTIDADE QUE PODEN SUPOÑER UN RISCO PARA O DPH

Na memoria técnica non se describe ningunha das labores que, seguramente se levan a cabo tódolos anos por ser zona de baño, nomeadamente as labores de limpeza, conservación e mantemento da zona de baño, ou arranxo da presa ou do "caneiro". Aínda que consideren que a zona de baño e o río son propiedade do CF, tal e como se recolle no plano 2, teñen que contar coa autorización do organismo de bacía.



Número	Instalación	Superficie (m2)
1	Edificio de piragüismo	240
2	Edificio principal	1650
3	Frontón	210
4	Pistas de tenis	1200
5	Pista polideportiva	800
6	Piscina infantil	1550

Número	Instalación	Superficie (m2)
7	Zona de dique	240
8	Zona de baño	6500
9	Zona de jardín	14400
10	Embarcadero	100
11	Duchas y dependencias auxiliares	600
12	Arenero infantil	40

Perímetro de la parcela catastral
 Instalaciones del Club Fluvial

Este tipo de actuacións que se fan en DPH e en zona de servidume poden xerar unha degradación do medio físico, biolóxico ou hidromorfolóxico mediante a alteración da calidade das augas do DPH. No proxecto non se fai ningunha mención, polo que se descoñece de qué feito poden perxudicar ao ecosistema fluvial.

Tal e como se indicou no punto anterior, na memoria técnica indícase que todas as canalizacións están conectadas á rede municipal de saneamento, máis segundo nos consta existe un expediente de autorización para verquido de augas residuais con código V-27/0384.

Polo exposto neste punto consideramos que o proxecto presentado carece de rigor e exhaustividade, non contempla a realidade das instalacións nin das actividades que alí se desenvolven, e non cumpre coas esixencias mínimas descritas na lexislación de aplicación. Polo tanto, a CHMS debe esixir ao Clube Fluvial a presentación dun proxecto que recolle todas as actividades desenvoltas polo Clube, así como todas as instalacións que afecten ao Dominio Público Hidráulico.

QUINTO. SOBRE A APROPIACIÓN DO CLUBE FLUVIAL DO CANEIRO E DA ZONA DE BAÑO

O día 8 de febreiro de 2021 dende **ADEGA Lugo** solicitouse o deslinde dos terreos dentro do dominio público hidráulico na zona do Clube Fluvial de Lugo. Na resposta da CHMS recibida o 12 de abril de 2021, indícase que non resulta necesaria a incoación do oficio do procedemento de deslinde en dito treito do río, xa que por parte da Confederación, tense realizado diversos estudos para a elaboración de mapas de perigosidade e risco de inundación, así como para a delimitación do dominio público hidráulico cartográfico e zona de fluxo preferente.


Segundo se recolle na comunicación feita dende o organismo de bacía, a zona na que se atopa o Clube Fluvial de Lugo localízase na marxe dereita do río Miño á altura do Caneiro da Praia no núcleo de Lugo, dentro da potencial área inundábel del ARPSI do río Miño denominada con código ES010-LU-04-02-27926-10, que foi seleccionada na Avaliación Preliminar do Risco de Inundación (EPRI) da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, conforme á Directiva Europea de Inundacións (2007/60/CE) e a súa transposición ao dereito español (RD 903/2010).

Unha cousa é que o organismo de bacía teña claro cal é o dominio público hidráulico, e outra é que lle faga entender á entidade cales son as súas obrigas e limitacións.



No proxecto presentado polo Clube Fluvial, estase indicando que parte das instalacións do Clube Fluvial ocupan o dominio público hidráulico, tal e como se recolle no plano 2, delimitando por unha franxa vermella

as instalacións da entidade deportiva. Así indican que tanto o propio río coma o devandito "caneiro" ou presa que conecta coa fábrica da luz son instalacións do Clube Fluvial.



Segundo se recolle no PXOM de Lugo, tanto o caneiro como a fábrica da luz son propiedade pública, polo tanto, o Clube Fluvial estase apropiando de bens de titularidade pública, neste caso o caneiro que conecta a fábrica da luz. No mesmo plano tamén inclúen dentro das instalacións do Clube Fluvial o Dominio Público Hidráulico.

CATÁLOGO DE ELEMENTOS PROTEGIDOS	LUGO (L) - 4
Caneiro y Fábrica de la Luz (LUGO)	

Época: Siglo XX	Propiedad: pública
Uso actual: Equipamiento	
Estado actual: En buen estado de conservación.	
Tipo de protección existente: no integral	
Clasificación del suelo: Suelo urbano	
<p>Descripción tipológica: Conjunto de edificaciones de dos y tres plantas. La fachada está enfoscada, se refuerzan las esquinas del paño de fachada próximo a la calle de acceso con sillares de piedra. Los huecos de plantas superiores son de pequeño tamaño con predominio de la horizontal, frente a la verticalidad de los huecos de las plantas principales. Algunos de los cuerpos edificados son recorridos por estrechas cornisas que separan las dos últimas plantas. La cubierta remata con aleros de pequeño espesor.</p> <p>Los caneiros situados a pocos metros uno de otro están realizados a base de 2 brazos rectos ligeramente curvados, el de aguas arriba con la curvatura en sentido contrario a la dirección de las aguas.</p>	

Grado de protección: ambiental	<p>XUNTA DE GALICIA Documento referido do PXOM de Lugo aprobado definitivamente de forma parcial polo Consello de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cruzado as condicións do apartado II.2º da Orde de 29/04/2011.</p> <p>19 XAR. 2012</p> <p>O Subdirector Xeral de Urbanismo</p>  Eduardo Sobrino Rodríguez												
Usos permitidos: Equipamiento													
<p>Obras permitidas</p> <table border="0"> <tr> <td><input checked="" type="checkbox"/> Consolidación</td> <td>- Rehabilitación</td> </tr> <tr> <td><input checked="" type="checkbox"/> Conservación</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Acondicionamiento</td> </tr> <tr> <td><input checked="" type="checkbox"/> Restauración</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Reestructuración</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> Reconstrucción</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Reforma</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> Obras de nueva planta</td> <td><input type="checkbox"/> Demolición</td> </tr> <tr> <td><input checked="" type="checkbox"/> Obras de ampliación</td> <td></td> </tr> </table>		<input checked="" type="checkbox"/> Consolidación	- Rehabilitación	<input checked="" type="checkbox"/> Conservación	<input checked="" type="checkbox"/> Acondicionamiento	<input checked="" type="checkbox"/> Restauración	<input checked="" type="checkbox"/> Reestructuración	<input type="checkbox"/> Reconstrucción	<input checked="" type="checkbox"/> Reforma	<input type="checkbox"/> Obras de nueva planta	<input type="checkbox"/> Demolición	<input checked="" type="checkbox"/> Obras de ampliación	
<input checked="" type="checkbox"/> Consolidación	- Rehabilitación												
<input checked="" type="checkbox"/> Conservación	<input checked="" type="checkbox"/> Acondicionamiento												
<input checked="" type="checkbox"/> Restauración	<input checked="" type="checkbox"/> Reestructuración												
<input type="checkbox"/> Reconstrucción	<input checked="" type="checkbox"/> Reforma												
<input type="checkbox"/> Obras de nueva planta	<input type="checkbox"/> Demolición												
<input checked="" type="checkbox"/> Obras de ampliación													

<p>Criterios de intervención:</p> <p><i>Fábrica de la luz:</i> Quedan permitidas todas las obras destinadas a la adecuación de la edificación para su uso, o cualquier otro de los permitidos. Las modificaciones no deberán afectar a los elementos estructurales ni a la imagen general del edificio, teniéndose siempre en cuenta su relación con el entorno.</p> <p>No se permitirán obras que modifiquen sustancialmente la fachada, admitiéndose cambios en la distribución interior que no afecten a elementos resistentes.</p> <p><i>Caneiros:</i> Se permiten obras destinadas a consolidar las características propias del caneiro, aconsejándose especialmente la reposición de elementos constitutivos de la tipología original que se hayan perdido o hayan sido alterados. Quedan permitidas todas las obras destinadas a la adecuación al uso, como modernización y actualización de las instalaciones o la reforma de elementos estructurales en mal estado.</p>



CATÁLOGO DE ELEMENTOS PROTEGIDOS	LUGO (L) - 4
Caneiro y Fábrica de la Luz (LUGO)	




XUNTA DE GALICIA
 Documento refundido do PXOM de Lugo aprobado definitivamente de forma parcel polo Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, xuzgado a conclusión do apartado II.2º da Orde de 29/04/2011.

19 XAN. 2012



O Subdirector Xerais de Urbanismo

[Signature]
 Federico Estayán Rodríguez



Documento refundido do PXOM de Lugo aprobado definitivamente de forma parcel polo Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, xuzgado a conclusión do apartado II.2º da Orde de 29/04/2011.

Plan General de Ordenación Municipal de Lugo

Lugo, 29 de agosto de 2011
 O SECRETARIO XERAL DO PLANO
 Aedo: José Antonio Carral Saavedra



POLO TANTO

A CHMS non pode aceptar en ningún caso este novo proxecto do Clube Fluvial por canto segue sen garantir o acceso á zona de servidume do río Miño, ao non ser suficientes as medidas propostas, e sen contemplar a eliminación **de todas as infraestruturas** que a día de hoxe ocupan irregularmente o dominio público hidráulico, como son as canchas deportivas e todo o valado e cancelas que acordan o recinto do Clube na zona de servidume do río.

O organismo de bacía non pode aceptar a modificación da zona de servidume de paso pois é unha cuestión imposible de asumir pola lexislación vixente, e **contradice as conclusións do estudo hidrolóxico incluído no propio proxecto. Estaría autorizando o aumento da perigosidade para as persoas nunha zona de fluxo preferente.**

Así mesmo, este proxecto oculta deliberadamente a situación de ilegalidade na que se atopan varias infraestruturas executadas recentemente polo Clube Fluvial, tamén en dominio público hidráulico, contrariando as leis vixentes e que están pendentes de reposición a un estado de legalidade, como son as obras do aparcadoiro e a nova cancela que impide o paso á zona de servidume do río desde a rúa de Fermín Rivera. O organismo de bacía debe obrigar á entidade a restaurar o aparcadoiro ao estado inicial, e eliminar os pechamentos de toda a zona garantizando o paso de fauna e persoas tal e como debe de ser en zona de servidume.

Ademáis, o proxecto presentado ten moitas carencias en canto non describe todas as actividades, e polo tanto non se fai un estudio real das presións que estas instalacións e os usos asociados ás mesmas teñen sobre o ecosistema fluvial, tampouco presenta alternativas nin medidas correctoras. **Non se contemplan nin os torneos coa posíbel proliferación de especies exóticas invasoras, nin as actividades que se desenvolven durante todo o ano. A legalización desas instalacións suporía seguir mantendo as presións que estas están a xerar sobre o ecosistema fluvial nunha zona protexida.**

Debido aos graos de protección do emprazamento, a CHMS debe esixirle ao Clube Fluvial a execución das obras para a reposición da legalidade de forma inmediata e en todo caso previa á renovación da concesión e legalización das instalacións, e **unha vez o Clube Fluvial cumpra coas obrigas que teñen pendentes coa lei**, segundo o establecido na normativa vixente en materia de xestión do dominio público hidráulico, o organismo de bacía debe esixir **a redacción dun novo proxecto** de MÁXIMOS, é dicir, que recolla todas as esixencias da lexislación, tendo en conta o comentado con anterioridade, cunha documentación técnica rigorosa sobre:

- Todas as instalacións e actividades desenvoltas no Clube e que poden supoñer un perigo para o DPH, algunhas delas xa indicadas en apartados anteriores.
- Todas as instalacións e actividades desenvoltas no Clube que poden supoñer un perigo para as especies ameazadas e o patrimonio cultural.
- Se inclúa a permeabilización do caneiro, así como unha escala de peixes.
- A delimitación correcta das instalacións do Clube Fluvial, sen apropiarse de forma indebida do caneiro, e da zona de baño de titularidade pública.

SOLICITO que tendo por presentadas estas alegacións, se lles dea o trámite oportuno e, en virtude do exposto, se proceda a resolver negativamente o procedemento referido no encabezamento do presente escrito, considerando a tal efecto os argumentos esgrimidos.

En Lugo, a 19 de setembro de 2023

Asinado electrónicamente

ANEXO REPORTAXE FOTOGRÁFICA

Fotos 1 e 2. Tomadas respectivamente o día 31 de agosto de 2023 e o 3 de setembro, onde pode apreciarse a prevalencia da zona de baño fronte o baixo nivel da auga augas abaixo do caneiro, feito posíbel debido á impermeabilización da infraestrutura.



Fotos 3, 4. Tomadas o 3 de setembro e o 31 de agosto de 2023, pode apreciar-se o baixo nível das augas, augas abaixo do "caneiro" e na altura da ponte romana.



Fotos 5 e 6. A cancela instalada no Camiño de Santiago. Obviase no proxecto, e é un elemento que restrinxe a zona de servidume de paso.



Fotos 7 e 8. Tomadas o 31 de agosto de 2023. A valla perimetral instalada ao pé da pasarela peonil. Obviase no proxecto, e é un elemento que restrinxe o acceso na zona de servidume de paso.



Foto 9. Tomada o 31 de agosto de 2023. O aparcadoiro ilegal construído, onde se realizou un concerto de música. Outro elemento obviado polo proxecto.

